



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Macroeconomía	Código	611G01017	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación	Freire Seoane, Maria Jesus Luisa	Correo electrónico	maria.freire.seoane@udc.es	
Profesorado	Estevez Mengotti, Carlos Benigno	Correo electrónico	c.mengotti@udc.es	
	Freire Seoane, Maria Jesus Luisa		maria.freire.seoane@udc.es	
	Salcines Cristal, Jose Venancio		venancio.salcines@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Á hora de planificar a docencia nesta materia cabe facer dúas consideracións:</p> <p>1) en primeiro lugar, trátase dunha materia troncal no grao de Economía. Logo, o dominio rigoroso das temáticas da materia constitúen un requisito indispensable que debe alcanzar o graduado.</p> <p>2) En segundo lugar, o nivel co que se aborda é intermedio. Isto significa que debe combinarse a profundización de coñecementos xa adquiridos nun primeiro nivel cun programa onde figuren todos os temas relevantes en Macroeconomía</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	En xeral, capacidade para interrelacionar as variables macroeconómicas e identificar a influencia das expectativas en tales inter-relacións	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A12	B1 B2 B3 B4 B5 B6 C7 C8
En particular, no ámbito da determinación da actividade económica a partir da evolución do gasto agregado, identificar as inter-relacións entre os determinantes do gasto e os mercados financeiros e como das mesmas derívanse efectos sobre os desemprego, a inflación, déficit e débeda pública, balanza de pagos e mercados cambiarios	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12	B1 B2 B4 B7 B8 B9	



Po lo lado da oferta, capacidade para analizar a influencia das variables da estrutura produtiva (custos, produtividade, etc) sobre os desequilibrios macroeconómicos máis relevantes.	A1	B1	C1
	A2	B2	C6
	A3	B3	
	A4	B4	
	A5	B8	
	A7		
	A8		
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Producto nacional bruto potencial e actual: fluctuacións e crecemento	1.1.O desenvolvemento da macroeconomía 1.2. Un enfoque analítico da macroeconomía
Tema 2. Determinación do ingreso. A teoría do multiplicador	2.1. O equilibrio aforro-inversión 2.2. As funcións de impostos, consumo e aforro 2.3. A análise do multiplicador 2.4. A determinación do equilibrio.
Tema 3. Resultados das políticas fiscais e monetarias	3.1. Repercusións da política fiscal sobre a demanda 3.2. Repercusións da política monetaria sobre a demanda 3.3. A interacción das políticas fiscais e monetarias.
Tema 4. O modelo clásico	4.1. As hipóteses do modelo clásico 4.2. A demanda, a oferta de traballo e o equilibrio 4.3. As políticas fiscal e monetaria no modelo clásico 4.4. Política monetaria e efecto riqueza no modelo clásico
Tema 5. O modelo keynesiano.	5.1. As hipóteses do modelo keynesiano 5.2. A oferta de traballo con ilusión monetaria 5.3. O equilibrio no mercado do traballo 5.4. A curva de oferta agregada 5.5. As políticas fiscal e monetaria no modelo keynesiano
Tema 6. Modelo keynesiano con rixidez salarial	6.1. Desemprego de equilibrio no modelo keynesiano 6.2. A oferta agregada con rixidez salarial 6.3. As políticas fiscal e monetaria no modelo con rixidez salarial.
Tema 7. A curva de Phillips a curto e longo prazo	7.1. Inflación e paro. A curva de Phillips 7.2. As expectativas de inflación e a curva de Phillips a longo prazo 7.3. Curva de Phillips e curva de oferta agregada.
Tema 8. Crecemento económico	8.1. Os feitos estilizados do crecemento económico 8.2. A función de produción con rendementos constantes 8.3. Modelos de crecemento: O modelo de Harrod/Domar e o modelo de Solow.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C6	25	25	50
Proba obxectiva	A4 A5 A7 B2 B1 B3 B4 B5 B6	5	29	34
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A7 B2 B1 B3 C4 C5 C7 C8	17	34	51
Atención personalizada		15	0	15
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Na aula propóranse problemas que os alumnos deberán resolver. Os alumnos exporán a súa resposta na aula unha vez comprobada a correcta resolución dos casos. Os problemas ou casos terán estreita relación con cada un dos temas que se explicaron nas sesións maxistrais. Tamén se plantearán intervencións inherentes o proceso de ensino-aprendizaxe, baseadas na exposición verbal a través da cal os alumnos e o profesor interactúan de maneira ordenada, facendo aclaracións ás cuestións presentadas. Poderanse propoñer traballos a realizar baixo a dirección do profesor, traballos que poderán ser individuais ou en grupos reducidos. Estes traballos deberán ser expostos polos alumnos na aula utilizando os medios dispoñibles.
Proba obxectiva	Os exames da asignatura realizaranse nas convocatorias oficiais en xuño e xullo, que corresponden, respectivamente a primeira e segunda oportunidade. Tamén se realizarán na data establecida para a oportunidade adiantada. Nesta proba obxectiva tratarase de avaliar os coñecementos acadados polo alumno na preparación da asignatura. O obxectivo fundamental da proba obxectiva é o de avaliar a capacidade de razonamento nos temas propios de macroeconomía e a capacidade para entender e actuar ante as cuestións planteadas. Os coñecementos teóricos e os desenvolvementos matemáticos e gráficos acadados durante a preparación do programa da asignatura serán avaliados de maneira axeitada. Por este motivo será unha proba que abarque todo o programa explicado cun nivel de profundidade axeitado, que non exceda nin sexa inferior ó nivel planteado no curso.
Sesión maxistral	As actividades docentes do curso abarcarán clases maxistrais, ademais de clases prácticas. Utilizarase a linguaxe oral, matemática e gráfica para a explicación dos diferentes temas do programa docente. A asistencia, de acordo coa guía da titulación, considérase obligatoria e de fundamental importancia para o correcto seguimento do curso e das actividades propostas polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	A atención personalizado ó alumno levarase a cabo no despacho da tituoría e nas propias aulas. Se ben o tempo programado é de 15 horas, o profesor disporá dun maior número de horas para esta labor. Polo tanto, a atención personalizada débese entender coma unha labor continua. Tamén se poderá informar sobre fontes de datos económicos. Nesta actividade de atención personalizada ó alumno se inclúe a acción de titoría en grupos reducidos a razón de 4 horas por cada grupo de 15 alumnos. Esta actividade está incluída nas 15 horas de atención personalizada ó alumno que se recolle no apartado 4: Planificación.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	A4 A5 A7 B2 B1 B3 B4 B5 B6	Esta proba se celebrará nas datas establecidas pola Xunta de Facultade, correspondentes ós exames finais, tanto na primeira oportunidade coma na segunda, coma na oportunidade adiantada de decembro. A nota máxima desta proba será de 7 puntos. Para superar a proba obxectiva o alumno debe acadar como mínimo 3,5 puntos no examen. O alumno se considerará aprobado na asignatura sempre que a súa nota total, suma da proba obxectiva (sempre que nela se obtiveran polo menos 3,5 puntos) e dos problemas ou actividades de clase propostas, sexa de 5 ou máis puntos. A linguaxe literaria, gráfica e matemática resulta útil para valorar de maneira axeitada os coñecementos adquiridos. Por esta razón, a proba obxectiva consistirá en preguntas de desenvolvemento do programa e/ou da realización de problemas. A cualificación será dun máximo de 7 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 3,5 puntos para poderse sumar á puntuación obtida no apartado de actividades.	70
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A8 A9 A10 A11 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C6	O profesor propoñerá ós alumnos actividades que se deben desenvolver ó longo do curso. O profesor utilizará aquelas actividades, como solución de problemas e exposición de resultados, realización de exercicios sobre os contidos, que estime máis axeitada para o seguimento do curso. . Se valorará a resolución e a exposición dos problemas na clase, de forma individual ou en conxunto e mailas solucións dadas ós exercicios propostos. Durante o curso se someterá ós alumnos a tres cuestionarios. A calificación máxima destas actividades é de 3 puntos. As puntuacións que se houberan acadado (máximo 3 puntos) non terán en ningún caso carácter liberatorio dos contidos do programa.	30

Observacións avaliación

1.- sobre a cualificación de Non presentado:

Corresponde ó alumnado, cando solo participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. 2.- sobre mínimos das partes da materia: Como se indicou, o traballo de clase puntúa ata un máximo de 3 puntos (30%) A proba obxectiva puntúa ata un máximo de 7 puntos (70%) No 30% que supón o denominado traballo de clase non se esixe mínimo de puntuación. No 70% que supón a proba obxectiva nas datas establecidas pola Xunta de Centro, a cualificación mínima para que se poida sumar a puntuación do traballo de clase é de 3,5 puntos. No conxunto das dúas partes (30% e 70%), o alumno deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos, pero sempre que na proba obxectiva obteña un mínimo de 3,5 puntos. Isto aplicarase nas oportunidades primeira, segunda e adiantada. 3.- Sobre as condicións da avaliación final Está prohibido acceder á aula de examen con calquer dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. 4.- sobre a avaliación da oportunidade segunda ou de xullo e na adiantada. Esta deberá realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na oportunidade primeira. Na segunda oportunidades se conservarán polo alumno as cualificacións obtidas no traballo de clase, pero non a obtida na proba obxectiva. O mesmo criterio se seguirá na oportunidade adiantada

Fontes de información

Bibliografía básica	- Branson, W. (1977). Teoría y Política Macroeconómica. México. FCE. (varias ediciones) - Olivier Blanchard (2006). Macroeconomía . Madrid, Prentice Hall
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

Recoméndase un alto grao de participación nas clases. Resolver as dúbidas que xurdan nas explicacións do profesor e/ou no estudo persoal, recorrendo se fose necesario á atención personalizada

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías